



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

### DECANOS/DIRECTORES

Rodríguez Vázquez, Virxilio  
Alonso Bacigalupe, Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Formella, Arno  
García Señorán, María del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Tellado González, Fernando

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Pérez Cota Manuel  
Pino García, Antonio  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Rivo López Elena  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B

González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES

Díaz Casaleiro, Tomás

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pardosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
García-Pintos Escuder Adela  
Gómez Fraiz, Santiago  
Graña Rodríguez, Ana María  
Moldes Pita, Óscar  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 5 de febreiro de 2018, convocada para as 10:30 h en primeira convocatoria e ás 11:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 11:00 h do día **5 de febreiro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).
4. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2018/19.
5. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/2019 e dos criterios de puntuación.
7. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2018/19.
8. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2018.
9. Aprobación, se procede, do I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Jaime Aneiros Pereira verbo do acordo do Consello de Goberno polo que se aproban os criterios para a elaboración da oferta pública de persoal docente e investigador para o ano 2017.
11. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Muleiro Parada contra o acordo do Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017 aprobando os criterios para a elaboración da oferta de emprego público do PDI para o ano 2017.
12. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por M<sup>a</sup> Victoria Verdugo Matés contra os acordos do Consello de Departamento de Economía Aplicada do 11/09/17 sobre elaboración de POD, asignación de docencia do POD para o curso 2017/18.

13. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordado no Consello de Goberno de 22/11/17 respecto do recurso de alzada contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidad de Sevilla e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidad de León e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas e/ou traballos de fin de grao, máster ou doutoramento por parte de estudantes da Universidad de León – Convenio de cooperación educativa entre a Universidad Nacional de Educación a Distancia e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto de investigación do traballo de fin de máster do Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Química.
15. Rogos e preguntas.

Da comezo o reitor a sesión do Consello de Goberno dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa asistencia e que figuran ao marxe desta acta

### **Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2017.**

Non se presentaron alegacións á acta. O profesor González Santamaría indica que o seu nome non aparece na lista de asistentes. Apróbase a acta con esta corrección de erros.

### **Punto 2. Informe do reitor.**

Principia o seu informe cunha breve e agarimosa lembranza á profesora Josefina García falecida a finais de decembro, así como os profesores xubilados Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor e Luisa Armán que tamén faleceron recentemente.

Salienta que estamos a un mes da finalización da programación cultural organizada pola Universidade co gallo da estadia do Pergamiño Vindel, e seguen a celebrarse diversas actividades culturais como os relatorios “Os xoves do Vindel”, ciclo de conferencias no que expertas e expertos en diferentes ámbitos do coñecemento abordan distintas cuestións relacionadas co manuscrito medieval, e as visitas institucionais, recentemente os membros do parlamento galego, a RAG e o Consello da Cultura galega que se celebran estes días e que rematarán a principios de marzo coa despedida ao pergamiño.

Da conta da celebración en Valencia o pasado día 2 da Asemblea xeral da CRUE na que se aprobou unha estratexia de acción política diante do proxecto de lei admitido no parlamento español para a súa tramitación e que regula as prácticas externas. Este borrador pon en perigo a realización de prácticas extracurriculares, continua o reitor e destaca que dende a sectorial de Asuntos Estudiantís e de Asuntos Académicos da Crue se interveu de maneira rápida e precisa, e se elaborou un documento de alegación para que corrixis algúns aspectos desa proposta. Nel non se cuestionan as necesidades de control das prácticas que formulan os partidos, para que evitar que se produzan situacións de abuso dos estudantes, aspecto que preocupaba ao grupo proponente, Podemos, pero non debe chegarse a unha situación que impida a realización destas prácticas. Explica que este documento foi depositado e esta semana se falará con Podemos para trasladarlles este documento antes de que se inicie o debate parlamentario. Subliña que o documento redactado é tecnicamente preciso e serio e confía en que sexa de referencia para os parlamentarios no debate desta lei.

Continúa o seu informe dando resposta a unha solicitude de información formulada no Claustro e no Consello de Goberno en relación coa actuación da Asesoría Xurídica. Explica o reitor que este servizo está formado por tres letrados especializados en dereito administrativo que actúan con total independencia. É o órgano encargado da representación desta Universidade ante os Xulgados e Tribunais e de coordinar a defensa xurídica da Universidade de Vigo. O servizo de Asesoría xurídica

realiza o control de legalidade das normativas que ditan os órganos de goberno, dos convenios que asina a universidade e das súas contratacións e emite informes acerca de aquelas cuestións que son canalizadas a través da Secretaría Xeral. Polo tanto leva a cabo o asesoramento xurídico dos órganos de goberno da universidade e da apoio aos restantes órganos e unidades da Universidade e dos seus Centros. Insiste o reitor en que os seus informes poden estar de acordo ou non coas expectativas dos solicitantes, pero sen dúbida están realizados con total independencia, con profesionalidade e sempre na procura da seguridade legal da nosa universidade nas súas actuacións. O feito de que un membro da nosa comunidade se sinta prexudicado por unha norma, por unha actuación ou decisión dun determinado órgano de goberno: consellos de departamento, xuntas de centro, consello de goberno, etc, non implica que dita actuación sexa incorrecta, ou non axustada á legalidade. As persoas que consideran que os seus intereses son vulnerados poden optar por acudir diante dos órganos xudiciais e serán estes os que decidan sobre o asunto.

En relación á información solicitada no anterior Consello de Goberno do número de recursos e a súa comparación cos presentados en outras universidades, é preciso indicar que foron revisados a meirande parte dos portais de transparencia de 45 universidades públicas, así como as memorias que publican en cada curso académico. En ningunha delas aparece recollido o número de recursos que se presentan ou resolven en vía administrativa, nin moito menos cantos deles pasan á vía xudicial. Nesta universidade si se da esta información. Informa de que se dispón de todas as táboas dos diferentes anos cos números de recursos, tipo, causa e sentenza, pero non poden ser subministradas na forma na que están na actualidade, xa que é necesario eliminar os datos que son protexibles segundo a lei de protección de datos. Menciona que o número de recursos que anualmente se presentan son entre 50 - 60 considerando as tres vías: administrativa, xudicial- laboral e Contencioso-administrativo, sendo na vía xudicial máis numerosos os casos no contencioso (arredor de 25-30) , que no laboral, que oscilan en torno aos 10-15 por ano. Indica tamén que o porcentaxe de sentenzas favorables é superior ao de desfavorables e que os gastos orixinados por estes recursos consisten no salario do persoal deste servizo, que está incluído no Capítulo I do orzamento. Insiste o reitor para finalizar en que intentárase mellorar a información acerca de este ámbito, pero que é algo que non se fai noutras universidades.

### **Punto 3. Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).**

Explica o reitor que o regulamento de Réxime interno do Claustro establece no seu artigo 4.1 que *Os membros do Claustro serán elixidos por 4 anos, excepto os estudantes que o serán por dous anos. A convocatoria de eleccións faina o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro, procurando que transcorra o menor tempo posible dende a inauguración do curso académico. A comisión electoral, elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral.*

Previamente a este paso, no artigo 4.4 establece *que o Claustro, con antelación á convocatoria de eleccións decidirá verbo dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector PDI-B (outro persoal docente e investigador).* Lembra o reitor que este punto xa foi aprobado no claustro universitario do 18 do mes pasado e que a Mesa do claustro, na súa reunión do 31 de xaneiro acordou a convocatoria de eleccións, que deberá facer o reitor.

Finalmente, indica o reitor que os estatutos, no seu artigo 39.n sinalan *que é competencia do Consello de Goberno a convocatoria para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario e as eleccións de reitor*

Polo tanto preséntase para a súa aprobación, a convocatoria de Eleccións para a renovación total do Claustro e as de elección de reitor, no caso de que sexa aprobado o seguinte paso é a reunión da comisión electoral que, informa, xa ten fixada data de reunión para o día 8 do presente mes, para a aprobación do calendario electoral e dos demais aspectos necesarios para o desenvolvemento do proceso electoral.

Intervén o Sr. Luis Pérez para manifestar a súa sorpresa polo feito de que se se convoque o procedemento electoral a claustro e a reitor, seguindo o estipulado polos antigos estatutos, cando o 24 de xaneiro aprobáronse os novos estatutos da Universidade. Manifesta que persoalmente non está de acordo en que se faga a convocatoria deste xeito, que non entende a razón e que como membro da

comisión de estatutos, que foi felicitada polo seu labor de consenso, na elaboración do novo texto dos estatutos o entende aínda menos.

Responde o reitor para aclarar que durante todo o proceso final de redacción e aprobación de estatutos se realizaron as consultas sobre o xeito de actuar. Subliña que os novos estatutos non entran en vigor ata a súa aprobación pola Xunta de Galicia e trala publicación no DOG. E este proceso de aprobación é longo. Estímase que a publicación sería arredor do fin de curso, co que o proceso electoral se retrasaría uns seis meses, polo que se superaría o período para o cal o actual reitor foi elixido quedando o actual executivo nunha difícil situación de interinidade, nun limbo legal, xa que é unha situación non prevista na normativa, polo que tería que haber unha orde da Xunta de Galicia para a designación en funcións do reitor. Ante esta situación, continúa, tomouse a decisión de convocar as eleccións segundo os estatutos actualmente en vigor.

Continúa explicando que se consultou a situación do novo executivo, que tería que iniciar un proceso de adaptación legal da normativa aos novos estatutos, comezando polo regulamento de réxime interno do claustro, pero tanto o seu nomeamento como a súa actuación neses procedementos serían perfectamente lexítimos.

O Sr. Luis Pérez comenta que descoñecía que o trámite de legalidade do documento levara tanto tempo.

Lembra o reitor que nestes momentos a comisión de estatutos está a traballar na incorporación das transaccionais aprobadas no Claustro, e posteriormente as correccións técnicas finais, logo se realizará a revisión lingüística e de linguaxe inclusiva antes de enviala á Xunta para que se inicie o control de legalidade. Aclara que na consulta realizada á Xunta de Galicia quedou claro que os servizos xurídicos son autónomos e aínda que, no mellor dos casos, estimen que todo se axusta á legalidade, sempre pode haber pequenas matizacións que deberíamos responder, o que podería implicar unha nova reunión do Claustro para aprobar as modificacións e incorporalas ao texto, remitilo novamente á Xunta, que as admitan, que aproben o texto final e finalmente envialo a publicación. Todo este proceso, conclúe pode levarnos ata maio-xuño ou mesmo xullo.

Conclúe que, unha vez aprobada a convocatoria, a comisión electoral aprobará un calendario que rexerá as eleccións e que será publicado, o que podería facer que as eleccións se celebraran en abril-maio.

#### **Punto 4. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2018/19.**

O reitor desculpa á Vicerreitora de Organización académica e profesorado, convalcente dunha intervención cirúrxica. Informa de que a evolución é satisfactoria, e confía no seu rápido restablecemento e indica que as competencias nesta materia están delegadas no Vicerreitor de Economía e Planificación, polo que será el quen realice a presentación destes puntos, e tamén foron invitadas as directoras de área para dar apoio técnico que puidera ser necesario.

Informa o reitor de que foi a vicerreitora a que fixo a presentación na COAP o 25 de xaneiro da proposta dos criterios de elaboración da PDA, que esta proposta foi informada favorablemente pola comisión e foi remitida xunto coa convocatoria a todos os membros do Consello de Goberno.

A proposta que se presenta é a mesma que o do ano pasado, con algunhas melloras na redacción, pero indica que o número horas asignadas poden variar un pouco en función do número de alumnos que é o parámetro fundamental. Salienta o reitor que, como nos anos anteriores, reuníronse cos equipos decanais e directivos e que é intención da vicerreitoría seguir a mesma liña do ano pasado, que permitiu aprobar estes criterios co voto favorable de todos os membros do Consello de Goberno.

Respecto da asignación de materias á departamentos, seguirase a mesma liña do ano anterior, tratando especificamente na COAP e no Consello de Goberno as asignacións novas e os cambios solicitados polos centros.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor, quen reitera que o documento é o mesmo que o do ano anterior que fora aprobado neste consello de goberno por unanimidade, polo que confía que esta ano tamén sexa así. Tamén indica que de haber algunha cuestión de detalle, están presentes as directoras de área de grao e a de posgrao para aclarar as dúbidas.

Intervén o profesor Bienvenido Diez, comeza expresando o seu desexo de que a vicerreitora se recupere rapidamente e ao igual que todos os anos reitera que a PDA non se pode separar do POD, polo cal considera que afecta ás condicións de traballo do profesorado e estima que debería ser debatido na mesa de negociación. Engade que na última mesa, na que participou o vicerreitor, na rolda de rogos e preguntas todos os participantes na mesa se manifestaron de acordo con que este punto debería ser tratado alí. Polo tanto, na súa condición de representante sindical, insiste un ano máis nesta petición.

Responde o vicerreitor responde ao igual que todos os anos, que son moitas as cuestións que indirectamente afectan laboralmente ao PDI, e que non son tratadas na mesa de negociación, e a PDA é unha delas.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

**Punto 5. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.**

Indica o reitor que achegouse coa convocatoria o procedemento e o calendario para realizar a modificación de títulos, e para a proposta de títulos novos. Lembra que o procedemento comeza coa declaración de interese do título. Cando se trata dun título xa existente que desexa facer modificacións ou verificacións, esta declaración deberá ser aprobada pola COAP ou pola EIDO, traéndose ao CG as declaracións de títulos totalmente novos na Universidade de Vigo. Esta diferenza afecta só ás declaracións de interese, xa que as memorias dos títulos teñen que ser aprobadas ao remate do calendario polo consello de Goberno e o Consello Social. Continúa dicindo que a solicitude de títulos novos está sometida ao cumprimento dos compromisos adoptados no acordo para a mellora do mapa de titulacións de Galicia. Este acordo permite un único título de grao en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra, e non restrinxo o número de títulos de máster e doutoramento, se ben se insiste en manter a estabilidade do sistema, polo que deberán seguirse criterios restritivos para a autorización de novos títulos que consisten na supresión ou fusión de outros previos, excepto cando son interuniversitarios. Aínda así, explica o reitor, no ano pasado os interuniversitarios, incluso os coordinados por Santiago tiveron que ser apoiados polas outras universidades para que puideran ser aprobados. Polo tanto, coa mesma prudencia que no ano anterior se traslada aos centros a formulación das expresións de interese de títulos de máster e doutoramento.

Apróbase por asentimento o calendario e procedemento (**Anexo II**).

**Punto 6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/2019 e dos criterios de puntuación.**

Explica o reitor que a proposta foi enviada coa convocatoria desta sesión e que é idéntica á do curso anterior, non se considerou axeitado realizar modificacións nun contexto de cambios de lexislatura, e de novos estatutos. A reflexión sobre un posible cambio nestas concesións deberá estar ligada a unha nova normativa de profesorado. Engade que o documento que se presenta foi informado favorablemente pola COAP.

O vicerreitor de Economía e Planificación insiste en que se trata da mesma proposta, xa que non corresponde nun exercicio de fin de ciclo, máxime cando é ineludible redacción dun novo regulamento de profesorado que é o marco no que se debe regular esta cuestión.

O profesor Bievenido Diez solicita a retirada do punto porque este ano non foi tratado na mesa de negociación. Explica que na última sesión da mesa se formulou esta cuestión no punto de rogos e preguntas e unanimemente todas as seccións sindicais presentes na mesa solicitaron que volvera a

pasar pola mesa de negociación. Polo que ten o encargo de todas forzas sindicais de que se traslade esa petición ao Consello de Goberno.

A profesora Belén Rubio, como membro da COAP indica que, en efecto o ano pasado tratouse na mesa de negociación e indica que, este ano, tras unha negociación no seo da COAP, acordouse manter os mesmos criterios este ano. Considera que para iso existe a COAP para debater e, en caso necesario, poder realizar modificacións dos acordos tomados na mesa de negociación, doutro xeito non tería sentido a súa existencia,

Indica o vicerreitor de Economía e Planificación que cando unha normativa ou convocatoria non sofre ningún cambio con respecto a do ano anterior, nunca se debate na mesa sindical, porque se entende que xa pasaron. Explica o que aconteceu o ano pasado, como resumiu a profesora Rubio: acadárase un consenso na mesa sindical, co acordo da vicerreitoría, pero na COAP decidiuse modificar dito acordo, chegándose a un punto intermedio, que foi finalmente aprobado no Consello de Goberno. En resposta á súa solicitude, reitera que este ano a proposta de convocatoria ven directamente ao Consello de Goberno porque non se introduce ningunha modificación con respecto ao texto do ano anterior.

O reitor di que tras a explicación se mantén o punto porque se estima que xa estaba negociado e non se producen cambios no documento da proposta.

O profesor Bienvenido Diez subliña o desacordo das seccións sindicais non están de acordo, porque o que afecta ás condicións laborais ten que volver a pasar pola mesa. Di que o equipo de goberno pode tomar a decisión pero refire que cando a empresa negocia coas forzas sindicais e chega a un acordo, o lóxico é que o CG deba respectar dita negociación, porque en caso contrario non ten sentido a mesa de negociación sindical. Debe actuarse con lóxica neste sentido, e engade que, como traballador considera que os acordos que o goberno toma cos seus representantes non poden ser modificados posteriormente por outro órgano de goberno, xa que se perden as garantías.

Reitera o profesor Diez que o que se fixo o ano pasado non foi correcto, xa que o acordo tomado na mesa foi modificado na COAP. E este ano nin sequera se levou á mesa sindical.

Responde o vicerreitor dicindo que este ano proponse aprobar no Consello de Goberno o mesmo documento que se aprobou o ano pasado. Non hai cambios. Explica que o ámbito de decisión do goberno pasa polas comisións delegadas e polo pleno do Consello de Goberno. Os acordos de goberno non se toman na mesa sindical. Engade que a COAP é unha comisión delegada do pleno do Consello de Goberno, e ten a capacidade de informar, nun sentido ou noutro, sobre asuntos que logo se ratifican ou modifican no pleno do Consello de Goberno. E ese é o funcionamento das universidades.

O profesor Diez expón que a idea que se transmite é que a mesa de negociación non ten capacidade de negociar nin de tomar decisións, xa que calquera acordo pode ser modificado no Consello de Goberno. E insiste en que os representantes do CG deben respectar a negociación.

O Reitor indica que os sindicatos foron escoitados o ano pasado na negociación levada a cabo, a pesar de que os acordos foron modificados posteriormente pola COAP e polo Consello de Goberno. Este ano, a proposta é non modificar nada, no se pode reabrir a discusión que se mantivo e repetir o procedemento levado a cabo o ano pasado, como se explicou previamente, estando nun fin de ciclo, non é operativo introducir cambios.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín para facer constar a súa abstención na votación.

Realízase a votación a man alzada co resultado de 39 votos a favor, 1 en contra e 8 abstencións (unha nominal do prof. Álvarez Villamarín) polo que queda aprobada a proposta (**Anexo III**).

### **Punto 7. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2018/19.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación quen explica que este límite máximo de horas é unha necesidade que deriva das normativas de dedicación e recoñecemento de actividades docentes do PDI. A proposta que se presenta é fixar o mesmo límite que no ano anterior:

260.000 horas, das que o 25% son de docencia presencial. Explica que neste curso se incrementou o teito máximo en 4000 horas para compensar o maior número de teses de doutoramento que se prevían que ían ser dirixidas no último ano. Entende que haberá unha redución no número de PFC polo que se considera que manter o límite é axeitado e engade que a proposta conta co informe favorable da mesa sindical e que na mesa de negociación aínda que se tratou o número de horas dedicadas a apartados concretos, como os TFG, non houbo discusión en canto a este límite máximo.

Apróbase por asentimento.

### **Punto 8. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2018.**

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia que indica que a convocatoria de axudas á investigación que se somete a aprobación mantén os principais apartados e conceptos de axuda de anos anteriores: axudas a grupos de investigación, axudas para a organización de congresos e de exposicións artísticas, axudas á mobilidade do persoal investigador, e programa de bolsas e axudas á formación. Subliña que se mantén unha especial atención ao apoio ao persoal en formación, como amosa o feito de que aproximadamente o 77% do orzamento oriéntase especificamente a esta categoría de persoal investigador.

A continuación, da conta dos aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2017: Nas axudas predoutorais se estandariza o método de ponderación das notas medias das persoas solicitantes, utilizando os datos da clasificación ISCED, que se empregan habitualmente en convocatorias de ámbito estatal, como é o caso das axudas FPU. Nas axudas predoutorais incluíuse a posibilidade de incorporación de suplentes no caso de que haxa renuncias durante o período de disfrute das axudas. E, finalmente, realizáronse algunhas aclaracións sobre cuestións administrativas e documentación requirida, como no Anexo II, onde se especifica o baremo utilizado para a avaliación de méritos curriculares.

Explica a vicerreitora que continúa a incidir no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, e na introdución de criterios de priorización que teñan en conta a consideración de xénero, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo.

Indica que esta convocatoria foi aprobada por unanimidade pola Comisión de Investigación e finaliza comentando que nalgúnhas das axudas desta convocatoria realizarase un ensaio piloto para que, opcionalmente, poidan presentarse as solicitudes a través da Secretaría Virtual, procedemento que espera poida ser ampliado en futuras convocatorias

Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

### **Punto 9. Aprobación, se procede, do I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo.**

A vicerreitora de Investigación e Transferencia realiza a presentación da proposta expoñendo que a transmisión a todos os públicos do coñecemento xerado, a concienciación sobre a repercusión e rendibilidade do labor investigador en todos os ámbitos, e o aumento da cultura científica da sociedade, deben ser considerados obxectivos estratéxicos prioritarios de calquera universidade pública. Así, esta cuestión menciónase de modo explícito na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, na Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020, no Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 I2C, e a nivel europeo no programa H2020.

Explica a vicerreitora que nos últimos anos, a Universidade de Vigo realizou un intenso labor de comunicación da súa actividade e logros, e promovéronse iniciativas estratéxicas orientadas á mellora continua da investigación. Por exemplo, en maio de 2017 a Universidade de Vigo recibiu o selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación (HRS4R) outorgado por EURAXESS, e no plan de acción proposto incluíase un punto específico destinado ao fomento da divulgación científica.

Indica que o I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo se presenta en primeiro lugar como unha declaración institucional formal do compromiso da nosa universidade nesta liña de actuación, coa intención de promover, coordinar e visibilizar as actividades de divulgación realizadas.

Establécense en primeiro lugar, continúa a vicerreitora, uns obxectivos estratéxicos xenerais, que inclúen, non só dar a coñecer as liñas de investigación e a oferta formativa e de servizos da universidade, senón fomentar vocacións, mellorar a percepción social da actividade investigadora e académica, contribuír á xeración dunha sociedade ben informada e con criterio, e fortalecer os vínculos cos axentes sociais da nosa contorna. Explica que no plan se especifican 12 accións para a realizar no ano 2018, que implican a varias vicerreitorías, centros e outros axentes universitarios. Entre elas se inclúen actividades de análise de situación e elaboración de ferramentas e materiais que facilitarán o desenvolvemento de planos futuros, como a elaboración dun catálogo de actividades de divulgación realizadas nos últimos anos, a posta en marcha dun portal web, a creación dunha canle de divulgación en UVigo-TV ou a elaboración de material audiovisual específico para a súa difusión en internet.

Prosegue enunciado as accións propostas, como a promoción da participación en convocatorias públicas sobre divulgación científica e a inclusión deste aspecto en proxectos de investigación, así como a participación da Universidade de Vigo en proxectos colaborativos interuniversitarios de ámbito estatal, aos que estamos a ter acceso a través da nosa participación activa na CRUE. Tamén se organizarán actividades formativas para o persoal investigador e lanzarase unha convocatoria piloto de axudas ás actividades de divulgación. Indica que accións como xornadas de portas abertas dos centros de investigación, eventos para a difusión da actividade universitaria entre mozas en etapa preuniversitaria (p.ex. Semana da Ciencia), presenza en medios de comunicación, organización de xornadas temáticas e conferencias divulgativas, entre outras continuarán realizándose pero englobadas dentro do Plan.

Para finalizar, a vicerreitora fai fincapé en que as accións propostas abarcarán a actividade da universidade en todos os ámbitos de coñecemento, científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social e que prestarase especial atención ás consideracións de xénero, de acordo co Plan de Igualdade da Universidade de Vigo. Informa que o documento que se presenta foi aprobado por unanimidade en Comisión de Investigación de 25 de xaneiro de 2018.

Apróbase por unanimidade o I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo (**Anexo V**).

**Punto 10.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Jaime Aneiros Pereira verbo do acordo do Consello de Goberno polo que se aproban os criterios para a elaboración da oferta pública de persoal docente e investigador para o ano 2017.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral e comeza indicando que os puntos 10 e 11 da orde do día fan referencia a recursos similares e que os dous profesores reclamantes foron invitados a participar no consello de goberno. Informa de que o profesor Aneiros declinou a súa participación pero enviou un correo electrónico explicando a súa postura, ao que dará lectura despois de presentar o punto.

Expón que na sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro de 2017 no punto 4 da orde do día foron aprobados por asentimento os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017. O profesor Jaime Aneiros interpón, mediante escrito presentado o 3 de novembro, recurso de reposición contra ditos criterios, e, simultaneamente, recurso de alzada fronte aos actos de trámite cualificados en desenvolvemento dos citados criterios, que se aprobaron nos Departamentos das áreas de coñecemento designadas no apartado 1 do documento anterior (Criterios para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017) para solicitar a transformación de profesores interinos en Profesores Titulares Interinos de Universidade. Con solicitude expresa de suspensión da execución de los actos recorridos.

No seu escrito o profesor Aneiros indica que non se trata de impedir a consolidación do profesorado sino de recorrer fronte ao que cualifica de arbitrariedade e discriminación que supón a promoción dun



sector do profesorado desta Universidade que saltará por enriba doutro sector con máis anos de desempeño no itinerario "normal" que, con prazas aprobadas pero suspendidas na súa celebración, vese prexudicado pola aprobación destes criterios. Argumenta tamén que os criterios aprobados por este Consello priman a promoción do colectivo interino dunha praza de Profesorado Contratado Doutor respecto do Profesorado Contratado Doutor non interino, sen que existan uns criterios obxectivos que xustifiquen que un interino dunha praza concorra a outra superior sen consolidar previamente, a praza da que é interino.

Continúa expoñendo a secretaria xeral que o profesor considera que a discriminación é maior ao incluírse no colectivo de profesorado interino as persoas procedentes do "plan especial de promoción" ou profesorado que finalizou os seus contratos previos de Axudante ou Axudante Doutor, así como certas transformacións doutros contratos previos e outras situacións contractuais con difícil encaixe. En resumo, persoal con situacións heteroxéneas na súa vinculación coa Universidade ou na evolución nela e que, en ningún caso, esgotaron a categoría profesional previa. Na opinión do profesor isto vulnera o dereito de igualdade en relación co dereito ao acceso ás funcións e cargos públicos recoñecido no artigo 23 de la Constitución.

Engade no seu recurso o profesor Aneiros que o recoñecemento dun dereito de promoción automático para o profesorado contratado interino respecto do profesorado de itinerario con vinculación permanente xera un prexuízo na promoción profesional que resulta de difícil reparación de acordo coa normativa vixente. Realiza unha análise das derradeiras convocatorias e salienta que nas prazas do ámbito xurídico-social e, particularmente, de Dereito non teñen un tratamento proporcional ou favorable. A continuación presenta os argumentos que, na opinión do reclamante, proban a arbitrariedade dos criterios empregados e a vulneración do dereito á seguridade xurídica e á interdición da arbitrariedade dos poderes públicos, poñendo como exemplo outras universidades que aplican o criterio de antigüidade no posto e na acreditación, o que segundo o profesor Aneiros ofrece seguridade e certeza na posición que ocupa cada membro do cadro de persoal. E finaliza argumentando a vulneración do principio de proporcionalidade da igualdade entre ámbitos de coñecemento e do criterio da antigüidade en relación cos dereitos do profesorado.

Por todo o cal solicita que se e admitan os recursos de reposición e alzada con petición expresa de suspensión de la execución do Acordo de Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017, que se inclúan entre os criterios para as prazas de PTU a antigüidade na Universidade e a antigüidade na data de acreditación pola ANECA; que se evite a promoción "per saltum" dunha parte dun colectivo fronte a outro; que se estableza que o profesorado interino debe incorporarse primeiro a praza da que é interino, antes de poder promocionar e que se desenvolva unha normativa na universidade que permita coñecer as posibilidades de promoción de cada membro do cadro de persoal.

Prosigue a secretaria xeral expoñendo que en relación a este recurso, o informe de Asesoría Xurídica solicitado, indica que con data 21 de novembro de 2017 ditouse unha resolución reitoral pola que se desestima o pedimento do reclamante de suspensión cautelar do acordo do 9 de outubro de 2017 do Consello de Goberno.

En relación co recurso de alzada, o informe resalta que o recorrente non concreta nin os actos administrativos que impugna, nin os motivos polos que interpón o recurso, limitándose a sinalar de modo xeral que se dirixe fronte a todos os actos de trámite cualificados dos Consellos de Departamentos (acordos de consellos de Departamento solicitando a transformación de profesores contratados interinos en titulares interinos) polo que esta reitoría entende que procedería inadmitilo segundo o disposto no art. 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

En canto ao recurso de reposición, por tratarse da impugnación dun acto dun órgano colexiado que esgota a vía administrativa, correspóndelle ao propio Consello de Goberno coñecer do recurso de reposición presentado e resolver ao respecto.

O informe de asesoría xurídica presenta a normativa que é de aplicación neste aspecto así como a argumentación que a Universidade realizou no Consello de Goberno do 9 de outubro para a toma do

acordo en canto aos os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017. En base a el ofertáronse 24 prazas de Profesorado Contratado Doutor (PCD) ou Profesorado Titular de Universidade (PTU) nas áreas nas que existen prazas de PCD interino, 3 prazas de PCD ou PTU para persoal que teña finalizado o Programa Ramón y Cajal e dispoña do certificado I3, e 7 prazas de PTU a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 tivese a condición de profesorado contratado doutor.

Feitas estas consideracións a AX considera que a Universidade de Vigo, no exercicio da súa potestade de autoorganización dos recursos humanos, negociando previamente cos representantes legais dos traballadores, acordou uns criterios para a elaboración dunha oferta de emprego público do persoal docente e investigador que responde ás necesidades dos recursos humanos con asignación orzamentaria, que é o que impón o EBEP, e que se entenden correctos e axustados ao ordenamento xurídico.

Continúa o informe indicando que as alegacións de discriminación no dereito á promoción profesional, prexuízos no itinerario normal, arbitrariedade, vulneración do dereito á seguridade xurídica e da interdición da arbitrariedade, vulneración do principio de proporcionalidade e da igualdade e por último vulneración do criterio da antigüidade en relación cos dereitos do profesorado, presentadas polo recorrente revisten unha natureza máis política que xurídica. Xa que o ordenamento xurídico non obriga a destinar todas as prazas que se puidesen ofertar á “carreira académica”. É máis, a Universidade destina 7 prazas de profesor titular para convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 que tivese a condición de profesorado contratado doutor. A imposibilidade de convocar máis prazas deriva da taxa de reposición e do teito de gasto previsto nas leis de orzamentos.

A oferta de emprego público de persoal docente e investigador debe responder a necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria (como require o art.70 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) e, na medida que os criterios aprobados para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017 responden a dita necesidade, esta Reitoría entende que son correctos e axustados ao ordenamento xurídico.

Finalmente, en relación ao pedimento efectuado de que se desenvolva a normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes, é unha cuestión que debe ser valorado polo órgano competente.

En base ao exposto, esta Reitoría estima que procede inadmitir o recurso de alzada por non concretar contra que actos administrativos se dirixe, e desestimar o recurso de reposición, dado que os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017 xa que se axusta ao ordenamento xurídico.

Finalizada a exposición a secretaria xeral da lectura ao correo electrónico enviado con data de hoxe polo profesor Aneiros e que se anexa a este acta (**Anexo VI**), no cal o profesor indica que o recurso recolle argumentos xurídicos que poñen de manifesto os problemas de legalidade da oferta de emprego público parcial que foi aprobada a finais do ano pasado. Tamén solicita que conste a súa ratificación en todos os motivos xurídicos formulados e solicitude de revisión dos criterios adoptados para a asignación de prazas de funcionarios. Indica tamén que os efectos que se producen cos criterios aprobados son a postergación dos acreditados máis antigos a desproporción entre ámbitos, a preterización das solicitudes de saída a concurso máis antigas e o esquecemento de méritos docentes e investigadores. Engade que na medida en que o informe de asesoría xurídica, que descoñece oficialmente, preconfigura a resolución do recurso, a súa presenza na sesión do Consello de Goberno non é operativa, sobre todo se xa se entende desestimado por silencio negativo e está recorrido en vía xudicial. Finaliza o profesor indicando que o recurso está formulado con respecto institucional e ao colectivo de profesorado beneficiado, pero en discrepancia lexítima cos criterios empregados e poñendo de manifesto carencias de axuste ao ordenamento xurídico. Solicita que conste en acta.

Non hai intervencións e o reitor propón a inadmisión do recurso de alzada e a desestimación do recurso de reposición.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Muleiro Parada contra o acordo do Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017 aprobando os criterios para a elaboración da oferta de emprego público do PDI para o ano 2017.

O reitor cede novamente a palabra á secretaria xeral que explica que no escrito presentado polo Muleiro Parada con data 7 de novembro de 2017, expón que dende a restrición da taxa de reposición na Universidade de Vigo, o acceso a unha praza de profesorado a transformación de praza depende de diversos factores non coincidentes nos distintos anos. Considera que a universidade non ten establecido regras claras a medio/longo prazo, xa que aplica un sistema de cupos por ámbitos, unha reserva para determinados investigadores e unha fórmula complementaria que atendía a necesidades docentes para a elaboración da Oferta pública de emprego. Ao igual que no caso anterior, argumenta que noutras universidades os criterios establecidos son claros e mantidos no tempo, xa que se considera a antigüidade na acreditación, ou na Universidade ou unha combinación de ambos para establecer os criterios de prelación de prazas para cubrir a taxa de reposición.

Lembra o recorrente que no ano anterior presentara recurso de reposición fronte a Oferta de Emprego Público de 2016, que foi desestimada en vía administrativa. A continuación expón os fundamentos xurídicos que apoian a súas alegacións de vulneración do dereito de igualdade, principio de seguridade xurídica, non arbitrariedade e lealdade institucional; vulneración das normas reguladoras da carreira profesional e da planificación do cadro de persoal nas administracións públicas, e vulneración do criterio da antigüidade en relación cos dereitos do profesorado. nos que se expoñen argumentos similares aos recollidos no recurso anterior. Tras do cal solicita a suspensión cautelar dos acordos, a aprobación duns novos acordos que respecto ao dereito á promoción en condicións de igualdade por parte do persoal contratado e que teñan en conta a antigüidade, ademais se que desenvolva unha normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes Universidade de Vigo

Resume a secretaria xeral o informe emitido polo Servizo de Asesoría Xurídica, similar ao presentado anteriormente, recolle a desestimación de suspensión cautelar (mediante resolución RR de 21 de nov. De 2017), a consideración de que os criterios acordados, no exercicio da súa potestade de autoorganización dos recursos humanos, pola Universidade de Vigo para a elaboración dunha oferta de emprego público foron negociados cos representantes legais dos traballadores, responden á necesidade de recursos humanos con asignación orzamentaria (como require o art.70 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), entenden que son correctos e axustados ao ordenamento xurídico. Ao igual que no caso anterior considera que as alegacións presentadas polo recorrente revisten unha natureza mais política que xurídica.

En relación ao pedimento efectuado polo recorrente de que se desenvolva unha normativa da Universidade de Vigo que recolla determinados criterios e que permita establecer un sistema para coñecer en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional, é unha cuestión que debe ser valorada polo órgano competente.

Polo tanto, ao igual que no caso anterior, e atendendo ao recollido no informe emitido pola Asesoría xurídica, esta reitoría propón a desestimación da suspensión cautelar e do recurso presentado polo profesor Muleiro Parada sexa desestimado.

Apróbase por asentimento

**Punto 12.** Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por M<sup>a</sup> Victoria Verdugo Matés contra os acordos do Consello de Departamento de Economía Aplicada do 11/09/17 sobre elaboración de POD, asignación de docencia do POD para o curso 2017/18.

O Reitor cede novamente a palabra secretaria xeral quen indica que para este punto foron invitadaa a participar na sesión a recorrente e a director do departamento de Economía aplicada, M<sup>a</sup> Dolores Gil Garza. Lembra que na sesión do Consello de Goberno de 09-10-2017 xa fora tratado un recurso presentado por esta profesora en contra dos mesmos acordos. Naquela ocasión o CG desestimara o recurso ao entender que o departamento aplicara un criterio para definir a especialización en “caixas” denominadas unidades docentes, e na unidade de Econometría á que pertence a reclamante, aplicáronse os criterios de categoría e antigüidade, xa que foi a reclamante a primeira en elixir. En consecuencia, a asignación realizouse consonte aos criterios normativos.

No recurso que agora se presenta a recorrente céntrase na creación das unidades docentes, e alega, en primeiro lugar, que o departamento carece de competencias para a súa aprobación, polo que ditos acordos deben ser considerados nulos de pleno dereito. En segundo lugar indica que non se poden definir unidades docentes dentro do propio departamento, que xa é definido polos Estatutos como unha unidade docente. A este respecto refire a existencia de xurisprudencia ao respecto.

*O informe de asesoría xurídica extracta parte do informe emitido pola Directora e Secretaria do Departamento de Economía Aplicada de data de 15 de decembro de 201, no que se recolle que aos efectos de planificación e organización docente, o departamento de Economía Aplicada veu funcionando dende a súa creación en 1990, e polo que respecta ó campus de Vigo, en unidades docentes cunha especialización docente específica en cada unha delas para conseguir a través da mesma máis coherencia e estabilidade. Ó tratarse dun área a especialmente grande en número de materias e diversa en contidos, esta práctica ten facilitado as tarefas de asignación docente. A definición de unidades e a súa especialización docente, por outra parte, seguiu unha pauta recoñecida nas Facultades de Economía, e habitualmente reflectida en asociacións de profesores e na súa práctica (congresos, revistas académicas, etc). Desta maneira definíronse catro unidades de docencia: Econometría, Economía Pública, Estrutura Económica e Política Económica*

*Están creadas en base á coherencia ou especialización de contidos e traxectoria docente dos profesores, polo tanto tendo en conta a especialización do profesorado tal e como recolle a Lei Galega 6/2013 no seu artigo 95.2.*

*No seu informe, a directora deixa clara que as unidades ou grupos de especialización docente non son áreas de coñecemento nin son órganos administrativos nin colexiados, polo tanto non se está a “modificar o departamento”. Son agrupacións de profesores que tamén existen noutras noutras universidades españolas e non vulnera os dereitos individuais de ningún profesor.*

*Concretamente, a recorrente está adscrita á mesma unidade ou grupo de especialización docente dende o principio da súa vida académica no departamento e coa mesma especialización docente dende entón.*

Polo tanto, as unidades docentes ou “caixas” son acordadas por motivos da organización docente. En concreto, trátase de materializar a especialización docente prevista na lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, nestas unidades docentes ou caixas, expón a secretaria xeral. En consecuencia, o acordo do departamento estaría correctamente motivado e dado que non se alega outros posibles defectos que puidera facer do acordo nulo ou anulable, esta Reitoría propón a desestimación do recurso.

O reitor cede a palabra as persoas invitadas. Non estando presente a recorrente, intervén a directora do departamento quen subliña que a creación das unidades docente responde tan só a razóns de planificación, organización e coordinación das materias adscritas ao departamento, intentando responder a lei galega de universidades en relación a elaboración do POD, polo que non están a incumprir ningunha normativa.

Intervén o profesor Bienvenido Diez para, a solicitude de M<sup>a</sup> Victoria Verdugo, da lectura a un texto que é incorporado a esta acta (**Anexo VII**). Neste documento a recorrente indica que con data 24/10/2017 presentou recurso de alzada contra os acordos do consello de departamento de Economía Aplicada de 11/7/2017, dado que o escrito non foi respondido, e esgotou a vía administrativa presentou recurso en vía xudicial estando citadas as partes para a vista que terá lugar o día 6/3/2018. Tamén indica que o punto 12 da orde do día de 05-02-2018 non se corresponde co contido do seu recurso de alzada e a continuación expón diversos argumentos en contra da creación das unidades docentes no departamento de Economía Aplicada.

Finalizada a lectura, o profesor Bienvenido Diez, como representante sindical, matiza que a especialización se formula dentro da lei de universidades de Galicia para que sexa aprobada polo departamento. É dicir que é solicitado polo docente para que sexa aprobado polo departamento, non o contrario. Polo tanto, as unidades docentes poden ser respectados como un elemento de traballo dentro dos departamentos, pero non pode se equiparable a unha especialización.

Responde a vicerreitora indicando que a lei do sistema universitario galego é que a distribución de docencia se realizará en primeiro lugar atendendo á especialización docente e atribúe ao departamento a competencia de establecer como se regula dita especialización. En concreto no departamento de economía aplicada acordouse por maioría a agrupación dos profesores en determinadas liñas en función dos criterios que os membros do departamento estableceron. Ante o recurso de profesores que non estean de acordo con ditos criterios, o Consello de Goberno só pode entrar a considerar si dito acordo foi tomado segundo a normativa, e así se fixo, non pode ir máis aló e modificar ditos criterios.

O reitor indica que a reflexión realizada polo profesor Diez non afecta á toma de decisión do recurso, no que a profesora cuestiona a capacidade do departamento para tomar a decisión de crear as unidades de especialización, cando a lei do sistema universitario galego lle outorga a competencia necesaria. Non se está considerando neste momento a existencia dunha normativa da universidade que defina como deben establecer os departamentos dita especialización.

Apróbase por asentimento

**Punto 13.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordado no Consello de Goberno de 22/11/17 respecto do recurso de alzada contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17.

Explica a secretaria xeral que foi invitado a participar o profesor Miguel Cuevas, e o decano da facultade xa e membro do consello de goberno. Lembra que con data 6/7/2017 o devandito profesor presentou recurso de alzada contra o acordo tomado na Xunta de Facultade de 05/07/2017, relativo ao primeiro punto da orde do día relativo a aprobación se procede da acta da sesión anterior. Na sesión do consello de Goberno de 22/11/2017 tratouse e desestimouse dito recurso. A aquela sesión foi invitado o profesor Cuevas, que non puido asistir por estar de permiso. No recurso de reposición que se trata neste punto, o profesor realiza unha serie de consideracións en relación ao informe de asesoría xurídica que motivou aquela decisión.

O informe de asesoría xurídica que foi solicitado para asesorar ao consello de goberno nesta ocasión, indica que con respecto a este recurso di que compre ter en conta que o artigo 122.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece: *“Contra la resolución de un recurso de alzada no cabrá ningún otro recurso administrativo, salvo el recurso extraordinario de revisión, en los casos establecidos en el artículo 125.1.”*

De conformidade con este artigo, finaliza a secretaria xeral, procede a inadmisión a trámite do recurso presentado.

O reitor cede a palabra a Miguel Cuevas quen di que hai sentenzas que contradin o indicado de que non se pode presentar recurso de reposición, como tamén o contradín as propias disposicións dos ministerios e entre eles o propio portal do cidadán que recoñece a posibilidade de interpoñer recurso de reposición contra calquera recurso de alzada. Engade que se este recurso fora entendido como recurso extraordinario de revisión a súa argumentación podería xustificarse polo punto 1.a. xa que ao non ter en conta a Asesoría Xurídica no seu informe algún punto do regulamento de réxime interno da facultade, levou a que o consello de goberno se fixera unha idea incorrecta, na súa opinión. E tamén no punto 1.b. “que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto” considerando de esta forma o documento que chegou do tribunal de garantías baixo. Por estes motivos considera viable a discusión dos seus argumentos no consello de Goberno. Solicita permiso do reitor para defender o seu recurso.

O reitor indica que o informe de Asesoría xurídica non considera que este recurso sexa extraordinario de revisión e se debe obrar de acordo con este informe, nembargante como ten a palabra pode explicar os seus argumentos, pero que non se vai debater sobre o fondo do asunto, xa que segundo o informe compe a non admisión a trámite.

O profesor Cuevas agradece a oportunidade de explicar a súa argumentación e pasa a dar lectura a un texto, que é incorporado a esta acta, no que expón as súas alegacións, realiza diversas consideracións en torno ao funcionamento dos órganos colexiados e a incorporación das intervencións textuais dos seus membros ás actas e tamén recolle as ideas básicas do documento emitido polo Tribunal de Garantías. Finaliza a súa intervención cunha reflexión acerca da transparencia que debe rexer en todos os órganos da universidade (**Anexo VIII**).

O reitor cede a palabra ao decano da facultade de Ciencias da Educación e do Deporte que declina a súa participación. A secretaria xeral indica que pode entregar ao final da sesión o texto do escrito e será incorporado literalmente á acta.

Conclúe o reitor indicando que se deu a oportunidade ao recorrente para que explique a súa opinión do fondo da cuestión. Trátase dun episodio concreto dun acta na xunta de Facultade, que xa foi tratado no anterior Consello de Goberno, e non debe estenderse a todos os órganos da universidade. Dado que o informe de Asesoría xurídica non considera que se trate dun recurso extraordinario de revisión, consideramos que procede a inadmisión a trámite.

Apróbase por asentimento

**Punto 14.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidad de Sevilla e a Universidade de Vigo - Convenio marco de colaboración entre a Universidad de León e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas e/ou traballos de fin de grao, máster ou doutoramento por parte de estudantes da Universidad de León - Convenio de cooperación educativa entre a Universidad Nacional de Educación a Distancia e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto de investigación do traballo de fin de máster do Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Química.

Apróbanse por asentimento

**Punto 15.** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Antonio Collazo que traslada unha pregunta en relación a oferta de emprego público, en concreto, cal é o prazo previsto para a aprobación dos criterios para asignación de prazas para cátedra.

Responde o vicerreitor de Economía e planificación que na última mesa sindical desta semana acordouse un prazo ata o día 16 de febreiro para que as forzas sindicais achegaran criterios. A partir de aí, haberá unha nova reunión da mesa para aprobalos, polo que estima que a finais de mes ou principios de marzo estarán aprobados.

Intervén o profesor Arno Formella para formular unha pregunta por encargo da xunta da escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Para contextualizala, explica que, aínda que o centro foi constituído formalmente o 12/1/2017, pero a súa actividade docente comezara en setembro de 2016 e antes diso houbera un extenso traballo de elaboración da correspondente memoria do título, avaliación e expresión das necesidades para a titulación de grao en Enxeñaría Aeroespacial, específica no sistema universitario galego. Nesas consideracións se indicaba a necesidade de contar con profesorado específico para esta titulación. Concretamente se sinalaba a necesidade de 6 prazas fixas no mellor nivel posible para impartira a docencia necesaria en 3º e 4º do maior nivel posible. Esta necesidade persiste e foi transmitida ás vicerreitorías correspondentes.

Lembra que no ano 2017 creouse a área de Tecnoloxía Aeroespacial no depto t03. Pero ata o de agora, só se aplicaron os criterios estándar na universidade para a creación de novas prazas. No primeiro ano se necesitaban 320h para unha praza, que foi aprobada en Consello de Goberno como AD e saí no 2º ano. Pero xa no 1º curso hai unha materia específica que foi cuberta por profesorado non estable, profesor invitado. O problema é que no 2º curso, aínda non hai profesorado específico que cubra a docencia do segundo cuadrimestre nas materias relacionadas con Tecnoloxía aeroespacial, xa que a praza de AD non se cubriu. Indica que dende o centro elaborouse un plan alternativo para cubrir a docencia cun intercambio de materias. Engade que habería que cuestionar se o nivel de AD responde ao recollido na memoria do título.

Continúa explicando que os estudantes solicitaron unha Xunta de Escola extraordinaria, na que se formulou a cuestión que traslada ao equipo de goberno: cal é o plan para que en terceiro curso todas as materias específicas da titulación sexan impartidas por profesorado específico, tendo en conta que son 7 materias que suman a 45 ECTS que son 400 h de alumno e chegarán a 560 h de profesorado. Tendo en conta que o curso comeza en setembro e non se debe estar na situación actual.

O reitor lembra as competencias do departamento e da escola. Lembra que antes de que existira o centro preocupouse porque existiran candidatos que puideran vir a impartir docencia en Ourense, de xeito que se cubriu o visitante. O lamentable foi que cando saíu a praza de AD, ás dúas persoas contactadas xurdíronlles unha oferta en Noruega que fixo que non se presentaran. Agora que existe o centro e o departamento responsable, o reitorado poderá apoiar, pero no pode encargarse de buscar candidatos. O perfil da praza pode ser a que se precise, o de AD pode ser que se axustara ao perfil da persoa candidata coa que se contaba. Reitera que se apoiarán todas as fórmulas presentadas, dende traer a un CU ou TU en comisión de servizo, profesores visitantes ilustres, figuras da lei da ciencia, o que considere o centro. Pero é necesario buscar no ámbito nacional ou internacional, e nese aspecto tamén se pode axudar, xa que existen na universidade estruturas para elo. Houbo mala sorte na primeira praza, que quedou deserta, di o reitor, pero é necesario reaccionar e buscar outras persoas, e intentar adaptar as praza ás características das persoas que desexen vir.

O profesor Formella indica que por suposto que explicou ao estudantado como se realiza o procedemento de contratación, e co director de departamento presente, tamén se lles aclarou cales foron os pasos seguidos e que tiñan unha lista de nove persoas contactadas para a praza. Pero, continúa, tamén entende a preocupación do estudantado porque ven que comezan as clases e non teñen profesorado, polo que se manifestan. Manifesta estar convencido de que se vai solucionar e que nas próximas datas van ter profesorado na aula. Pero require maior planificación, indicando que ten que ser unha oferta atractiva porque os bos enxeñeiros están moi demandados e teñen boas oportunidades e bos salarios.

O reitor considera a intervención como un rogo e tal como xa lle trasladou ao departamento T03, que contarán con toda a colaboración do mundo, pero considera que non debe sacarse de contexto. Se se trata de programar a longo prazo, chegando a cuarto debe irse facendo xa unha estimación das figuras e o seu custe.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45h do día 5 de febreiro de 2018, da que

eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris